



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 11
DE XULLO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA
PRIMEIRA

CONVOCATORIA:

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Concelleiro do PP
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Alcalde-Presidente
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Segundo Tenente de Alcalde
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

FALTA

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro do BNG

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día once de xullo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN, CELEBRADA O 11 DE XUÑO DE 2011

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

5º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA ALCALDÍA COMO CARGO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA

6°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NO RURAL, CULTURA (INCLUÍNDO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA) E MEDIO AMBIENTE.

7°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE ECONOMÍA E FACENDA, ORGANIZACIÓN E PERSOAL

8°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, EMPREGO E EDUCACIÓN.

9°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DO PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO

10°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES

11°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN DE CONGRESOS E EXPOSICIÓN DA ESTRADA

12°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE VOCAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA

13°.-DACIÓN DE CONTAS DOS ESCRITOS DOS CONCELLEIROS CONSTITUÍNDOS OS GRUPOS POLÍTICOS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, GRUPO POLÍTICO SOCIALISTA E GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR.

14°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

15°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS TENENTES DE ALCALDE

16°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN EN CONCELLEIROS

17°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A) PARTE RESOLUTORIA.-

Sr. Alcalde: Boa tarde, como dicía o compañeiro Picaño, hai moitos compañeiros debutantes que se incorporan de novo a este Pleno, e polo tanto darlles a benvinda a este novo mandato da Corporación Municipal e dámos por iniciada a sesión extraordinaria de organización do Pleno da Corporación Municipal.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN, CELEBRADA O 11 DE XUÑO DE 2011.- Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria constitutiva da Corporación, celebrada o día 11 de xuño de 2011. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.- O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Non producíndose intervencións, o Concello Pleno adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

- Visto o sinalado no artigo 46 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local
- Visto o sinalado no artigo 210 da Lei galega 5/1997 de Administración Local
- Visto o sinalado no artigo 78 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

-Determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación. A partires do vindeiro mes, as sesións celebraranse ordinariamente o primeiro xoves de cada mes, ás 20:30 horas.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO.- O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Efectivamente, consta no expediente do Pleno a proposta da Alcaldía na que se recolle a composición de 7 comisións e unha distribución de representación dos distintos grupos. En principio o noso grupo está de acordo coa proposta que se fai das distintas comisións, parécenos correcto; pero como xa lle adiantamos na Xunta de Voceiros pois non nos parece que a distribución proposta sexa proporcional á representación que cada un dos distintos grupos deste Pleno temos e que así nos deron no seu día os veciños e veciñas da Estrada. A distribución que se fai é unha segundo a cal o PP ten o dobre de representación nas comisións que o principal grupo da oposición que é a agrupación socialista; ademais tendo en conta que como corresponde en rigor por lei, o grupo do PP, grupo de goberno, ten voto de calidade nas distintas comisións. Así que como xa adiantamos na Xunta de Voceiros, nós esiximos e pedimos que se faga cumprir o que di o

Regulamento en canto á organización e que se respecte a proporcionalidade que deben ter os distintos grupos nas comisións. Simplemete porque o voto dos veciños e veciñas da Estrada debe recollese como tal nos distintos órganos do Concello e polo tanto nove concelleiros non son a metade de once, polo tanto 4,2,1 non recolle a proporcionalidade e nós pedimos que por favor se manteña a proporcionalidade e se faga cumprir a lei como establece o ROF. Ademais, esta determinación das comisións foi algo que efectivamente en todas as lexislaturas se fixo por consenso entre os distintos grupos e parécenos que empezar impondo algo aos grupos neste Pleno non é o xeito máis axeitado de respectar a democracia no Concello da Estrada. Pedimos polo tanto que por favor se deixe isto sobre a mesa e se leve a unha comisión, se acheguen as posturas e se poña en práctica realmente o que é a proporcionalidade de representación para o voto que se acadou nos distintos grupos nas pasadas eleccións. Ademais non sabemos moi ben a que se debe que se faga esta distribución de 4-2-1 porque como dicimos non é representativo do que sucedeu. Como non se dá unha explicación, gustaríame saber porque se fai esta distribución así, insisto pedindo por favor que se respecte a legalidade, o que di o ROF, e que se leve ás comisións da Estrada igual que se leva ás comisións de todo o territorio español a proporcionalidade tal e como manda a lei.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Por parte do grupo de goberno, quérese manter a formación de sete membros de 4 PP, 2 PSdeG- PSOE e 1 BNG porque desta forma consideramos que se garante da forma máis axeitada a representatividade da elección maioritaria que tomou o pobo da Estrada a favor do PP, garantimos a presenza de todos os grupos municipais, e se ben pode haber algunha outra formación que sexa máis axeitada á representación da Corporación como ben di a voceira do grupo socialista, consideramos que os requirimentos das comisións informativas por unha parte non van garantir nin mellor funcionamento nin transparencia nin ían enriquecer o debate das propias comisións informativas e por outro lado ía supoñer un incremento elevado nos gastos do Concello ao supoñer unha maior retribución por asistencia dos concelleiros/as.*

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *En primeiro lugar, darlle as grazas polas explicacións. Por un lado fala vostede que quere respectar a proporcionalidade con esa proposta que vostedes fan, que considera que respecta a proporcionalidade. Como dicimos antes nove concelleiros non son a metade de once, polo tanto 5.700 votos non son a metade de 6.700 que é a diferenza real que hai. Entón, nós propoñiamos a outra distribución, 4-3-1, tendo en conta que vostedes teñen voto de calidade na presidencia, e vostede dinos que máis membros da comisión non enriquece o debate. Home, permítame por favor que primeiro deixemos ás comisións; non dubide vostede do que poidamos achegar ao debate ningún dos membros deste Pleno, que para algo nos presentamos e fomos elixidos, alguén debeu considerar que temos algo que dicir e que achegar, por un lado. Por outro lado, di vostede que incrementaría gasto. Pois se efectivamente vostedes falan de redución e austeridade, pois o noso grupo quere apostar por ese plan que vostedes están facendo de redución e austeridade e en prol da austeridade e proporcionalidade, dende o grupo socialista da Estrada propoñemos que se faga a distribución representativa proporcional 4-3-1 e que todos acudamos de xeito gratuíto ás comisións. Se o problema que teñen vostedes é o incremento de gasto, pois dende logo acudamos todos de xeito gratuíto; non hai problema. O único que se busca nas comisións, que ademais son informativas e non vinculantes, é achegar debate, argumentos e que sexan máis enriquecedoras, polo tanto a nosa proposta está aí: pedimos representatividade, que se respecte a proporcionalidade, pedimos e ofrecemos acudir toda a Corporación de xeito gratuíto, que nos comprometamos todos aquí ante os veciños da Estrada en acudir gratuitamente ás comisións, xuntas de goberno e a onde sexa necesario, buscando esa austeridade que vostedes din. E xa para rematar pedimos que por favor se respecte a proporcionalidade e representatividade dos veciños que nos votaron no seu día a nós e ao partido que hoxe non está presente, o BNG e, en prol desa representatividade é a proposta que facemos. Deixámola para que vostede nos dea a súa opinión, deixamos incluso a posibilidade de deixala sobre a mesa e en todo caso observamos a posibilidade de adoptar outras medidas que estimemos oportunas con respecto ao que finalmente se decida.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: En principio o que se está debatendo é a composición das comisións. En canto ás retribucións, tal e como vostede e máis eu quedamos, falarase na seguinte comisión informativa que corresponda onde o grupo do PP vai facer as súas propostas.

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 votos en contra dos Concelleiros do grupo socialista:

-Visto o sinalado no artigo 20 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

-Visto o sinalado no artigo 66, 67, 68 e 212 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

-Visto o sinalado no artigo 29, 38, 123, 124, 125, 127 e 134 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

1º.-Determinar a existencia das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas
- Comisión informativa de Urbanismo
- Comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais
- Comisión informativa de Benestar Social
- Comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes
- Comisión informativa de Rural e Medio Ambiente
- Comisión informativa de Promoción económica

2º.-Determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias de todas as Comisións Informativas.

3º.-A composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte:

- 4 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia
- 2 membros en representación do grupo municipal socialista
- 1 membro en representación do grupo municipal do BNG

A designación concreta dos Concelleiros membros da Comisión Informativa que lle corresponden a cada grupo realizarana este mediante escrito do seu Voceiro dirixido ó Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ó seu grupo.

4º.-O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións informativas. Non obstante, poderá delega-la Presidencia noutro Concelleiro, a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

No caso de que o Sr. Alcalde, despois de efectuada a delegación, acuda a algunha sesión, corresponderalle a el a súa convocatoria e presidencia, non sendo convocado ni acudindo á Comisión algún dos membros designados en principio en representación do grupo municipal do PP.

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.- O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Non producíndose intervencións, o Concello Pleno adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Visto o sinalado no artigo 211 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

-Visto o sinalado no artigo 112 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

-Determinar unha periodicidade semanal para as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

5º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA ALCALDÍA COMO CARGO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA- O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Vimos hoxe aquí a este primeiro Pleno que é evidentemente un Pleno de organización, un Pleno extraordinario no que o seu contido o marca a lei, tal e como nós solicitamos que se faga. Hai incluso un prazo para decidir certos temas. O que si non marca é que se teñan que levar temas que deban pasar por comisión informativa. Polo tanto entendemos que o tema dunha dedicación, dun cargo para o Concello, entendemos que é lexítimo, ten dereito, é máis: é dende logo necesario que o Concello teña persoal con dedicación, pero entendemos que toda a información se debe dar nunha comisión, polo que pedimos que se debe dar este punto, así como os que a continuación veñen na orde do día queden sobre a mesa e se leve a unha comisión de organización, tal e como se fixo en lexislaturas anteriores e precedentes e se convoque para que todos poidamos ter todos os datos, ver se están xustificadas ou non estes cargos e demais. Ademais, xa que estamos falando e unha vez que citei isto, gustaríanos pedir que por favor non se fixese demagogia con este tema, pois como ben dixen ao comezo da miña intervención, entendemos que é necesario que este posto estea retribuído e que con dedicación exclusiva o Concello da Estrada necesita unha persoa que estea á fronte e a tempo completo, se ben evidentemente se queremos facer demagogia para facer titulares, pois sobre pois todos entendemos que debe haber dedicacións.... Estase falando estes días, porque insisto que estes temas non foron tratados na Xunta de Voceiros, non se nos dixo que ían vir a Pleno ata que recibimos a convocatoria e todo o que estamos vendo é a través dos medios de prensa. Estase dicindo que se van rebaixar salarios (e insisto, neste punto e a continuación tres máis). Que se vai rebaixar. Nós non estamos en contra desas dedicacións, podemos estudalas, analizalas, ver se se corresponde co nivel salarial e do cargo e demais, pero dende logo, facer demagogia é absurdo porque efectivamente se se está dicindo que se está baixando cargo para o Concello, pero é posible porque existe agora mesmo na persoa do Alcalde un cargo que vai vir a través do erario público tamén un cargo que vai vir dos fondos da Deputación. Polo tanto estamos falando de que vai haber tres dedicacións parciais que van cobrar 60.000 € brutos anuais á parte dos cargos á Seguridade Social, lóxico evidentemente, e insisto a dedicación a tempo completo do Alcalde que ademais vai vir incrementada en como mínimo 18.000 € máis brutos por asistencias á Deputación. É dicir, estamos de acordo que ten que ter un salario, pero o que temos que analizar é se se corresponden esas retribucións co seu nivel, se se corresponden coa carga económica que o

Concello pode asumir, ou insisto, como se fixo sempre, cremos que estes temas son de calado e importancia suficiente como para que pasen antes de vir a Pleno por unha comisión, polo tanto pedimos que se deixen sobre a mesa tanto este punto como os tres que veñen a continuación pendentes dunha comisión informativa na que se nos pase aos grupos da oposición toda a información detallada e pertinente para poder decidir sobre este punto.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *En canto a este tema. Primeiro: considerará vostede que é demagóxico, pero demagóxico penso eu que é aprobar na anterior lexislatura o soldo de máis de 60.000 € e pretender agora poñer atrancos a unha baixada do 30%. Non sei que tipo de argumentos defenderán vostedes niso, porque o nivel non é o da Alcaldía senón o do Concello, e o Concello da Estrada segue tendo o mesmo nivel do anterior mandato, por iso cunha rebaixa do 30% non creo que teña obxección ningunha por parte do grupo socialista. O único que se pode dicir é polas dedicacións parciais, que serán a tratar a continuación, pero xa que falou delas, estamos falando que cunha dedicación máis, estase baixando un 10% dos orzamentos do Concello. Se dalgún lado veñen outros ingresos, pois ben, pero estamos a falar das contas do Concello que é o que nos interesa porque os niveis son do Concello, non dos alcaldes, que agardemos que estean todos á mesma altura.*

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *Efectivamente, estamos a falar dun cómputo total para o Concello que son dedicacións, totais e parciais, polo tanto estamos falando dun montante total sobre o que vostedes propoñen, din que se vai aforrar un 10%. Insisto que “nun” total porque “no” total estamos a falar do mesmo, en dedicación e en gasto para o Concello. Polo tanto, vostedes falan dun aforro dun 10%, pero é un aforro do que en realidade é aforro porque está suplementado por outra administración. Non esquezamos, Sr. Blanco, que as declaracións de bens que hai que facer neste Concello hainas que facer como individuo, polo tanto iso consta, polo tanto consta e é a cargo de todos os cidadáns, neste caso da provincia de Pontevedra, que son os mesmos á súa vez do Concello da Estrada, é dicir, hai vinte mil cidadáns da Estrada que van pagar dúas veces iso; polo tanto, vostedes teñen unha proposta e nós pedimos que por favor se deixe o tema para estudar con profundidade, para estudar con todos os datos sobre a mesa nunha comisión.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Fala de ingresos que poida ter cada persoa, iso é o que se discutiu hai 4 anos, eu non estaba presente, pero repito a retribución eu considero que iso podería ser en función do tipo de concello. Neste caso, se o Sr. Alcalde renunciase aos ingresos que ten da Deputación, vostedes non terían ningún problema que se incrementasen os gastos do Concello, pois se hai catro anos vostedes votaron 60.000 € non creo que este ano 40.000 € sexa o problema. Pero repito, a baixada non só vai ser no soldo do Alcalde senón por unha redución de gastos que por contarlle así de forma aproximada suporía só a cargo das retribucións que lle corresponderían ao grupo do PP uns 240.000 € en catro anos.*

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 abstencións dos Concelleiros do grupo socialista:

- Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

-Visto o sinalado no artigo 225 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

-Visto o sinalado no artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

1º.-Determinar a Alcaldía como cargo de dedicación exclusiva, establecendo a contía a percibir en 42.000 euros brutos anuais. Producirase

a correspondente alta na Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento as cotas empresariais que lle correspondan.

2º.-De conformidade coa doutrina sinalada polo Tribunal Supremo na súa Sentenza de 3 de febreiro de 1988, dotar a este Acordo de efectos retroactivos, dende o 11 de xuño de 2011, data da toma de posesión do Alcalde.

6º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NO RURAL, CULTURA (INCLUÍNDO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA) E MEDIO AMBIENTE. O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Como xa dixemos no punto anterior, entendemos que este é un posto que se impón aos cidadáns da Estrada sen ter pasado por comisión, remitímosnos ao dito anteriormente.

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 abstencións dos Concelleiros do grupo socialista:

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

ACORDAMOS:

1º.-Determinar como de dedicación parcial o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Obras e servizos municipais no Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente.

2º.-O réxime de dedicación mínima será do 40 % do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes 15 horas semanais se desenvolverán cun horario flexible, preferentemente de tarde.

3º.-Establécese a contía a percibir en 20.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

4º.-Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptarase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

7º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE ECONOMÍA E FACENDA, ORGANIZACIÓN E PERSOAL O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Insistimos novamente en que implica crear un cargo para o Concello e que eses temas deben pasar por comisión, antes de vir a un Pleno.

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 abstencións dos Concelleiros do grupo socialista:

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

ACORDAMOS:

1º.-Determinar como de dedicación parcial o cargo de Segundo Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Economía e Facenda, Organización e Persoal

2º.-O réxime de dedicación mínima será do 40 % do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes 15 horas semanais se desenvolverán cun horario flexible, preferentemente de mañá.

3º.-Establécese a contía a percibir en 20.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

4º.-Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptarase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

8º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE

TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, EMPREGO E EDUCACIÓN. O

secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Insistimos en que se trata de crear un cargo para o Concello e estes temas teñen calado suficiente como para pasar por comisión.

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 abstencións dos Concelleiros do grupo socialista:

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

ACORDAMOS:

1º.-Determinar como de dedicación parcial o cargo de Terceiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Benestar Social e Igualdade, Emprego e Educación.

2º.-O réxime de dedicación mínima será do 40 % do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes 15 horas semanais se desenvolverán cun horario flexible, preferentemente de mañá.

3º.-Establécese a contía a percibir en 20.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

4º.-Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptarase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

9º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DO PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO O

secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Este grupo considera, tal e como dixemos antes que é necesario que haxa persoal ao servizo do Concello con dedicación parcial ou a tempo completo, dependendo do caso, e a Alcaldía necesita persoal de apoio, se ben entendemos tamén que debería ter pasado o tema por comisión, posto que tamén o anterior goberno o fixo así, esixido pola oposición, e fíxoo nos dous casos nas dedicacións e no persoal eventual

(esixiuse na lexislatura pasada que pasase por comisión). Son temas de calado importante, de importancia suficiente como para levalos a unha comisión antes do Pleno.

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 abstencións dos Concelleiros do grupo socialista:

-Visto o sinalado no artigo 89, 104 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

-Visto o sinalado no artigo 250 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

-Visto o sinalado no artigo 50 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

-Visto o sinalado no artigo 12 da Lei 7/2007 pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.

ACORDAMOS:

1º.-Sendo as funcións a realizar de confianza ou asesoramento especial, determina-lo seguinte persoal eventual do Concello:

---Director de Réxime Interno. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 21.926,94 euros, asimilables a estes efectos cun funcionario do subgrupo C 1, nivel 20. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

---Xefe de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 21.926,94 euros, asimilables a estes efectos cun funcionario do subgrupo C 1, nivel 20. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

---Secretario de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 16.930,34 euros, asimilables a estes efectos cun funcionario do subgrupo C 2, nivel 16. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

2º.-Realizarase a tramitación que corresponda para adaptar o Cadro de Persoal ou calquera outra disposición municipal ó establecido neste Acordo. Mais, en todo caso, o presente Acordo será eficaz dende a mesma data en que se dite.

10º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Sr. Alcalde: Como se ten exposto antes do Pleno, por parte do grupo do PP pretende substituírse un representante que por erro se trasladou á Secretaría do Concello. Designariamos un representante do PP no CEIP de Figueroa e trasladaríase ao IES

Losada Diéguez, o representante do Grupo socialista. Polo tanto, se procede votamos primeiro a incorporación desta emenda por parte do PP.

Procédese á votación da EMENDA á Proposición de Alcaldía que obraba no expediente. A emenda introduciuse cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 votos en contra dos Concelleiros do grupo socialista. Consiste a emenda en atribuír ó grupo do PP a designación de representante no Centro de Educación Infantil e Primaria de Figueroa (en lugar de ó grupo socialista), e en atribuír ao grupo socialista a designación de representante no Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez (en lugar de ó grupo do PP).

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Como dicíamos antes, o tema da organización neste Concello sempre se fixo por consenso dos distintos grupos. Vostede Sr. Alcalde pode sabelo, sempre se fixo por consenso, eses temos sempre se levaron a unha comisión e entendemos que as cousas se poden falar, e que hai suficientes órganos como para chegar a consenso e non comezar unha lexislatura impondo cousas. Esta emenda que efectivamente nos comunicou o voceiro antes de comezar, xa desvirtúa totalmente a proposta porque consideramos que xa non é proporcional e que se trata dunha imposición. Consideramos que estes temas se poden falar e existen órganos para tratar, e que estamos en tempo e forma, podemos deixalo enriba da mesa tanto esta como os outros e podemos falar dos nomeamentos no padroado e nos distintos órganos do Concello e chegar a un consenso para evitar comezar xa a lexislatura con imposición e sen acordo entre os distintos grupos.

Por último, e despois de introducida a emenda mencionada, adoptouse o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e 9 votos en contra dos Concelleiros do grupo socialista:

-Visto o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

-Visto o sinalado no artigo 126 da Lei Orgánica 3/2006 de Educación

ACORDAMOS:

-Asignar ós grupos políticos as seguintes representacións municipais nos Consellos Escolares dos centros de ensino. A designación en concreto das persoas que han ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía. O nomeamento, en execución deste Acordo, se realizará por Decreto de Alcaldía:

---Centro de educación Infantil e Primaria de Figueroa
Grupo do PP

---Instituto de Educación Secundaria nº 1
Grupo do BNG

---Centro de Educación Infantil e Primaria Pérez Viondi
Grupo do PP

---Centro de Educación Infantil e Primaria do Foxo
Grupo do PP

---Centro de Educación Infantil e Primaria Paramá

Grupo do PP

---Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez
Grupo socialista

---Instituto de Educación Secundaria García Barros
Grupo socialista

---Centro de Educación Infantil e Primaria de Codeseda
Grupo socialista

---Centro de Educación Infantil e Primaria de Oca
Grupo socialista

---Conservatorio
Grupo do PP

11º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN DE CONGRESOS E EXPOSICIÓN DA ESTRADA.- O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Non producíndose intervencións, o Concello Pleno adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Visto o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

-Visto o sinalado no artigo 17 dos Estatutos da Fundación de Congresos e Exposicións da Estrada, que sinala en canto ós membros do Padroado: *"Polo Concello da Estrada: O seu Alcalde e dous membros máis do seu Pleno"*

ACORDAMOS:

-Asignar ós grupos políticos a designación dos dous membros que lle corresponden ao Concello da Estrada, a maiores do Alcalde, do seguinte xeito: 1 ao grupo do PP e 1 ao grupo socialista. A designación en concreto das persoas que han ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía. O nomeamento, en execución deste Acordo, se realizará por Decreto de Alcaldía.

12º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE VOGAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA O secretario pon de manifesto que obra no expediente a proposta da Alcaldía de data 6 de xuño de 2011.

Non producíndose intervencións, o Concello Pleno adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Visto o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

-Visto o sinalado no artigo 10 dos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada, que sinala en canto ós vocais do Padroado: "[...] *Sete vocais de libre designación polos grupos políticos integrantes da Corporación respectando a súa proporcionalidade no Pleno.*

ACORDAMOS:

-Asignar ós grupos políticos a designación de 7 vocais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada, do seguinte xeito: 4 ó grupo do PP, 2 ó grupo socialista e 1 ó grupo do BNG. A designación en concreto das persoas que han ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía. O nomeamento, en execución deste Acordo, se realizará por Decreto de Alcaldía

13°.-DACIÓN DE CONTAS DOS ESCRITOS DOS CONCELLEIROS CONSTITUÍNDOS OS GRUPOS POLÍTICOS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, GRUPO POLÍTICO SOCIALISTA E GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno dos escritos dos Concelleiros constituíndo os grupos políticos do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Político Socialista e Grupo Político do Partido Popular.

A Corporación queda sabedora.

14°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía nº 525/2011 de data 5 de xullo designando os membros da Xunta de Goberno Local.

A Corporación queda sabedora.

15°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS TENENTES DE ALCALDE.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía nº 526/2011 de data 5 de xullo designando os Tenentes de Alcalde.

A Corporación queda sabedora.

16°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN EN CONCELLEIROS.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía nº 527/2011 de data 5 de xullo de delegacións en Concelleiros.

A Corporación queda sabedora.

17°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía nº 537/2011 de data 6 de xullo de delegacións de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

A Corporación queda sabedora.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos.

A Estrada, 11 de xullo de 2011

O secretario

Asdo.: José Naveira González